



CONVENIO ENTRE A ASOCIACIÓN EM REDE, REDE DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO E COMARCA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN “PROGRAMA DE REACTIVACIÓN DAS COMPRAS MEDIANTE A ENTREGA DE BONOS DE APARCADOIRO” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA PARA PALIAR OS EFECTOS ECONÓMICOS ADVERSOS DERIVADOS DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19

Na Cidade de Santiago, a de xullo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, como Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle confiren os artigos 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra, Dona Eva López Fernández, con documento de identidade 46402796C, en calidade de presidenta da Asociación Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca, co CIF G70213830, inscrita na sección 1 do Rexistro central de asociacións co número 2011/015186, e con enderezo na rúa Rodríguez Carracido 9, 15702, Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

I.- Que este convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións” e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

II.- Que o Concello de Santiago de Compostela colabora, desde o ano 2004, coas asociacións comerciais da cidade, na dinamización comercial e o apoio ao comercio de

proximidade a través de programas e mecanismos diversos: formación, liñas de axuda en réxime de concorrencia competitiva, convenios específicos, etc.

Segundo o establecido no artigo 3 puntos a) e b) da Lei 5/2014 do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores; polo tanto a continuidade destas liñas de axudas e actuación non poden ser consideradas exercicio de novas competencias.

III.- A declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID – 19, derivou nunha crise socioeconómica que motivou a definición por parte do Concello dun plan de reactivación económica con incidencia nos ámbitos do comercio, emprego, promoción económica, o turismo e a cultura. Como medida dirixida á reactivación especificamente do sector comercial contempleuse, entre outras, a posta en marcha dun ambicioso programa de bonos de aparcadoiro coma ferramenta para o fomento das compras neste ano 2020. O programa articulase mediante a formalización de convenios de colaboración con todas as asociacións comerciais existentes na cidade. A facilidade no aparcamento actúa como un forte incentivo de atracción ás principais zonas comerciais urbanas fomentando así o ocio e o consumo dentro da propia cidade. As asociacións canalizarán as peticións do comercio local, asociado e non asociado, para acceder a bonos de aparcadoiro que estes entregarán á súa clientela polas compras realizadas. O programa persegue a reactivación do comercio local, pola achega importante de recursos que reciben, á vez que estes fidelizan á súa clientela.

IV.- A achega do Concello precisa para a execución deste programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro realízase con fondos propios do Concello de Santiago de Compostela non comprometendo a súa sustentabilidade financeira .

V.- Son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións nominativas previstas, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, no artigo 28 da lei 38/2003 xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica na base 31 punto 10 das bases de execución do orzamento municipal para a anualidade 2020.

E, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que a Asociación Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca, co CIF G70213830, está inscrita na sección 1 do Rexistro central de asociacións co número 2011/015186, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela ten nestes momentos un obxectivo clave, que é a reactivación económica do comercio local, a través da achega de recursos que lles permitan superar as dificultades desta crise socioeconómica derivada da crise sanitaria provocada pola COVID-19.
- III. Que é interese das institucións comparecentes, reactivar ao sector, incentivar as compras e ofrecer facilidades de aparcamento coma instrumento clave de atracción ás zonas comerciais urbanas.
- IV. Que a Asociación Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca, dispón de competencia, metodoloxía, equipo técnico e materiais necesarios para desenvolver no marco das súas actividades e dar resposta, ás necesidades de mellora da mobilidade e acceso ás zonas comerciais.
- V. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración con todas as asociacións comerciais da cidade, e en concreto, coa a Asociación Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca, co fin de garantir a prestación dos seus servizos a todo o comercio de Santiago, considerando que é positivo para a promoción da actividade comercial na cidade. En consecuencia,

CONVEÑEN

PRIMEIRA.- Finalidade do convenio de colaboración

O obxecto desta colaboración é o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro no marco do plan de reactivación económica municipal deseñado para paliar os efectos económicos adversos derivados da pandemia ocasionada pola COVID-19. Para elo, a Asociación Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca, distribuirá entre os



establecementos comerciais que o soliciten, asociados e non asociados a dita entidade, bonos de aparcadoiro dos aparcamentos da cidade cos que se chegue a acordo.

SEGUNDA.- Vixencia do convenio.

O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2020.

TERCEIRA. Contía da axuda

Para a colaboración na realización do programa obxecto deste convenio, o Concello de Santiago de Compostela con cargo ao seu orzamento xeral para o ano 2020, achegará a Asociación Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca a cantidade de **cinco mil euros- 5.000,00 €**), segundo o artigo 33 das Bases de execución do orzamento municipal para o ano 2020, e con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890002.

En todo caso, a aprobación deste convenio e polo tanto da achega para a realización do programa que constitúe o seu obxecto, queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico 2020, coa entrada en vigor da modificación orzamentaria de suplemento de crédito e modificación da base 33 das bases de execución do orzamento municipal, cuxa aprobación inicial tivo lugar en sesión plenaria celebrada o pasado 25 de xuño de 2020.

CUARTA. Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os derivados estritamente da compra dos bonos de aparcadoiro procedentes dos distintos aparcamentos da cidade, **realizados e efectivamente pagados entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020**, data esta última, límite de xustificación.

QUINTA. Xustificación do convenio e forma de pagamento

I.- Respecto da forma de pagamento, estarase o disposto nas bases de execución do orzamento municipal para o ano 2020. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

II.- O pago realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

III.- Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento do programa subvencionado.

IV.- Procederá a minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento executado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do programa subvencionado. **Considérase que a realización é deficiente, dando lugar á revogación da totalidade da subvención concedida, cando o importe xustificado non alcanza alomenos o 60% da contía da subvención outorgada.**

V.- A **data límite de xustificación** é o **31 de outubro de 2020**. Para iso, a persoa beneficiaria deberá presentar a través das formas previstas para a solicitude a documentación seguinte en copia simple, a excepción dos xustificantes de pagamento de todos os gastos acreditados e do anexo V “Xustificación de subvencións”, que deberán ser orixinais ou compulsados.

- Memoria de execución do programa obxecto da subvención, que deberá recoller, como mínimo, descrición das actuacións desenvolvidas, valoración do cumprimento dos obxectivos, valoración global da actividade e, do seu impacto en relación cos resultados previstos, publicidade e divulgación que se realizou, número de persoas participantes ou beneficiarias e número de bonos de aparcadoiro entregados na súa totalidade e por persoa beneficiaria.
- Anexo I. Declaración responsable asinada pola persoa representante legal da entidade de ter cumprido o obxecto do convenio.
- Anexo II. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións ou axudas solicitadas, concedidas ou percibidas doutros axentes para mesma finalidade. En ningún caso a contía da subvención, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo do programa.
- Anexo III. Relación detallada, desagregada por conceptos, das facturas ou documentos xustificativos do desenvolvemento do programa obxecto de convenio, asinada pola persoa representante legal da entidade beneficiaria.
- Facturas ou documentos substitutivos nos casos previstos no Real decreto 1496/2003 polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que acrediten a realización dos gastos, en relación nominativa, agrupados por accións realizadas, segundo corresponda. Ás facturas deberán xuntárselles os documentos acreditativos do seu pagamento.

A acreditación do pagamento realizarase por algunha das seguintes formas:

- Preferentemente mediante transferencia bancaria, con copia do resgardo do seu cargo. No concepto da transferencia debe figurar o número da factura ou, cando menos, a descrición do servizo realizado.
 - Cheque: acompañarase unha copia do cheque asinado xunto co extracto bancario do cargo en conta correspondente.
 - Efectivo: admítase unicamente para gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministracións adquiridas en establecementos públicos, como restaurantes, gasolinerías, supermercados etc.). A súa contía non pode exceder en ningún caso de 600 euros. Xustificaranse mediante factura ou recibo asinado polo acredor que indique a data de abono e a expresión recibín ou outra análoga.
- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Xunta de Galicia. Comprobarase de oficio que a persoa solicitante está tamén ao corrente co Concello de Santiago.
 - Tarxeta do número de identificación fiscal e certificado de titularidade da conta bancaria na que facer o ingreso.
 - Anexo IV. Declaración responsable asinada pola representante legal de ter dado a adecuada información e publicidade do carácter público do financiamento do programa obxecto de convenio, acompañada da documentación gráfica (fotografías, fotocopias, captura de pantallas ...) que así o acredite.

VI.- Se a entidade beneficiaria obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, xunto coa concedida polo Concello superara o total do custo da actividade, a axuda municipal minorarase e procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como o interese de demora correspondente.

VII.- Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do programa obxecto de convenio.

VIII.- Se a xustificación fose incorrecta ou incompleta, requirirase á entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e achegue os documentos solicitados no prazo de dez días hábiles, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución,

á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á esixencia dos xuros de demora.

SEXTA. - Obrigas da entidade beneficiaria

De conformidade coas Bases de execución do orzamento xeral para o ano 2020, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no R.D 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto neste convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Santiago de Compostela, o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Santiago de Compostela, así coma calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle o Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza pola entidade beneficiaria e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade, á proposta de resolución de concesión que se atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así coma cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- h) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público da financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago tal e como se dispón na cláusula sétima do presente convenio.

- i) Proceder o reintegro dos fondos percibidos de acordo co disposto no artigo 40.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e, en todo caso, nos supostos contemplados no artigo 37 da devandita Lei.
- j) Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións e de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

SÉTIMA.- Publicidade e información

As entidades beneficiarias deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o financiamento público con fondos do Concello de Santiago.

OITAVA. Protección de datos

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal e o seu regulamento.

O Concello de Santiago velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as esixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación dos expedientes correspondentes. Os datos non serán obxecto de cesión a terceiras persoas; non obstante, o Concello de Santiago revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e lle sexa requirida de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, que poderán exercerse ben mediante escrito no cal se achegue identificación suficiente, dirixido ao seguinte enderezo: Excmo. Concello de Santiago. Rúa Presidente Salvador Allende 4 baixo. 15705-Santiago de Compostela.

NOVENA. Avaliación e interpretación

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto

por parte das dúas institucións (persoal técnico do Concello e da Entidade). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.

DÉCIMA. Causas de resolución

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera das cláusula establecida no presente convenio.
2. A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
3. A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
4. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

DECIMOPRIMEIRA. -Incumprimento, reintegros e sancións

I.- O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2020, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Á entidade beneficiaria seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DECIMOSEGUNDA- Responsabilidade

A organización e materialización do programa obxecto deste convenio, será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa em materia de axudas públicas.

DECIMOTERCEIRA.- Inexistencia de relación laboral

O asinamento do convenio non supón relación laboral, contractual nin de ningún tipo entre as persoas profesionais que vaian a desenvolver as actividades e o Concello de Santiago, polo que estas non poderá esixir responsabilidade ningunha –directa nin subsidiaria- polos actos ou feitos acaecidos no funcionamento do devandito servizo.

DECIMOCUARTA. Carácter do convenio

Este convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polas cláusulas establecidas nel, e no non previsto, seranlle de aplicación o disposto na Lei 40/2015, do 01 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e na lexislación de réxime local aplicábel ao caso.

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro deste convenio poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso - administrativo ante a Sala do contencioso- administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e os seus efectos, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

POLO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO

POLA ASOCIACIÓN EM REDE, REDE DE
INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE SANTIAGO
E COMARCA

Don Xosé A. Sánchez Bugallo

Dona Eva López Fernández

ANEXO I. DECLARACIÓN RESPONSABLE CUMPRIMENTO OBXECTO DO CONVENIO

DATOS DA ENTIDADE

RAZON SOCIAL

CIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TELEFONO

CORREO ELECTRONICO

E NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

DI

EN CALIDADE DE

DECLARO que a asociación _____
ten cumprido co obxecto do convenio asinado co Concello de Santiago no ano 2020,
para o desenvolvemento do programa de conformidade coas suas clausulas.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos neste convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020 e Bases de execución do orzamento para o ano 2020. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA



.....de.....de 2020

**ANEXO II. DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS AXUDAS SOLICITADAS,
CONCEDIDAS OU PERCIBIDAS PARA A MESMA FINALIDADE**

DATOS DA ENTIDADE

RAZON SOCIAL

CIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TELÉFONO

CORREO ELECTRONICO

E NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

DI

EN CALIDADE DE

DECLARO que o conxunto das axudas solicitadas, concedidas e/ou percibidas para o programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro obxecto do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2020, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais son os seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
- Outras axudas ou subvencións.

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P(1)	(2)IMPORTE (€)	%(3)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE (4)

(1) Indique o que corresponda S(solicitada),C(concedida),P(percibida)

(2) Importe total da axuda solicitada/concedida/percibida procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

(3) Porcentaxe da axuda sobre o custe total.

(4) Indique nome da Administración /Entidade pública concedente e, data da resolución.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos neste convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ao Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020 e Bases de execución do orzamento para o ano 2020. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2020.

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no orzamento desagregado presentado pola entidade, á firma do convenio.

(2*) Forma de pago: cheque, transferencia ou contado.

DECLARO que na relación de **FACTURAS pagadas ao contado** que se presentan para a xustificación do convenio asinado co Concello de Santiago para a realización do programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro do ano 2020 son as seguintes:

(1*)CONCEPTO	NÚMERO DE FACTURA	DATA DE EXPEDICIÓN	OBRIGADO A EXPEDIR A FACTURA	Nº IDENTIFICACIÓ N FISCAL DO OBRIGADO A	DESTINATARIO OPERACIÓN	DATA DE PAGAMENTO	(2*)FORMA DE PAGO	IMPORTE (€)

(1*) Concepto: Conceptos establecidos no orzamento desagregado presentado pola entidade, á sinatura do convenio.

(2*) Forma de pago: ao contado.

DECLARO que ditas facturas foron pagadas integramente con cargo ós fondos da entidade_____

Así mesmo, **DECLARO** coñecer que non poderanse presentar facturas pagadas nesta modalidade con importe superior ó limite establecido de 600€ (seiscentos euros) en total. Sen poder fraccionar o importe das facturas co obxecto de dar cumprimento a Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra o fraude.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos neste convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2020 e Bases de execución do orzamento para o ano 2020. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións(BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2020.

ANEXO IV.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE PUBLICIDADE RESPECTO DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO DO PROGRAMA

DATOS DA ENTIDADE

RAZON SOCIAL

CIF

ENDEREZO

LOCALIDADE

TELEFONO

CORREO ELECTRONICO

E NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E APELIDOS

DI

EN CALIDADE DE

DECLARO ter dado a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro obxecto do convenio, asinado co Concello de Santiago no ano 2020, de conformidade co establecido na **cláusula sétima** do convenio, en cumprimento do disposto na normativa reguladora das subvencións.

Para o efecto, achéganse como soportes documentais (carteis, folletos, enquisas, captura de pantallapaxinas web, fotografías ou outra documentación elaborada *ad hoc*) xustificativos os seguintes:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido ó Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.



LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento xeral do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2019 e Bases de execución do orzamento para o ano 2020. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE número 276, do 18 de novembro); o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento (BOE número 176, do 25 de xullo); e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG número 121, do 25 de xuño).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

.....de.....de 2020.

ANEXO V.- XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS.

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria CIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro Convocatoria: Datas de realización: Importe da actividade: Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xerados na actividade concreta do programa subvencionado son os seguintes:

RELACIÓN DE FACTURAS

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE PAGO
	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
TOTAL=	

